| Latency-Aware-MPI-Cloud-Scheduler (LAPICS) | Antonio García, Fernando Gómez, Tomás Fernández | 2016 |
| MonitorSI Text | Julio Janeiro, Alejandro Ramos, Alberto Bugarín, Senén Barro | 2016 |
| ProDiGen: algoritmo para minería de procesos | Manuel Mucientes, Manuel Lama, Borja Vázquez | 2016 |
| Caléndula | Paulo Félix, José Ángel Piñeiro, Tomás Teijeiro | 2016 |
| QRSMorphFinder_VI | Paulo Félix, Daniel Castro, Jesús Rodríguez, David González, Constantino Martínez, Tomás Teijeiro | 2016 |
| Plataforma de generación de informes de minería de procesos | Manuel Mucientes, Manuel Lama, Borja Vázquez, David Chapela | 2016 |
| SOSVDI Sensor Observation Service Virtual Data Integration | Manuel Antonio Regueiro, José Ramón Ríos, José Manuel Cotos | 2015 |
| Govocitos | Arno Formella, José Mael Pintor, M ^a Encarnación González, Manuel Fernández, Eva Cernadas, Alexandre Alonso, Juan Francisco Saborido | 2015 |
| Gameleon | Manuel Lama, Juan C. Vidal, Arturo Casal, Javier López | 2014 |

continúa na páxina seguinte...

... ven da páxina anterior

| Rexistros de software no período 2014-2016 | | |
|--|--|------|
| Título | Solicitantes | Ano |
| BEATLABclustering | Paulo Félix, Jesús Rodríguez, Senén Barro, Daniel Castro, David González, Constantino García | 2014 |
| ServandoSaO2 | Paulo Félix, Jesús Rodríguez, Senén Barro, Tomás Teijeiro, J. Ángel Piñeiro | 2014 |
| Galiweather | Alejandro Ramos, Alberto Bugarín, Félix Díaz, Senén Barro | 2014 |

Patentes

| Solicitudes de patente no período 2014-2016 | | | | |
|--|---|-------------------|-----------------------|------------------|
| Título | Inventores | Ámbito xeográfico | Entidade titular | Estado |
| Three dimensional CMOS image processor for feature detection | M. Suárez Cambre F.R. Pardo Seco, V.M. Brea Sánchez, R. Carmona Galán | Estados Unidos | USC, U. Sevilla CSIC | Concedida (2015) |
| Procesador de Imágenes CMOS para Extracción de Características | M. Suárez Cambre, F.R. Pardo Seco, V.M. Brea Sánchez, R. Carmona Galán | España | USC, U. Sevilla, CSIC | Concedida (2014) |
| Virtual reality system for the evaluation and treatment of motor disturbances associated with neurodegenerative diseases and age | F. Cudeiro Maza, P. Arias Rodríguez, C. Rivadulla Fernández, J. Flores González, J.M. Cotos Yáñez | España | UDC, USC | Concedida (2014) |
| Método y sistema de detección de hidrocarburos basado en el análisis de datos SAR | J.M. Cotos Yáñez, D. Mera Pérez, J. Flores González, J. Varela Pet | España | USC | Concedida (2014) |
| Aparato y método para calcular operaciones de potenciación y extracción de raíces | Javier Díaz Bruguera, Álvaro Vázquez Álvarez | España | USC | Concedida (2014) |
| Sistema y método para la detección de moluscos gasterópodos terrestres | V.M Brea Sánchez, D. Cabello Ferer, E. Ferro Santiago, J. Castillejo Murillo, F.J. Iglesias Piñeiro | España | USC | Concedida (2014) |
| Apparatus and Architecture for General Powering Computation | Javier Díaz Bruguera, Álvaro Vázquez Álvarez | España | USC | Publicada (2014) |

4.4. Dirección de teses de doutoramento

Nos últimos tres anos defendéronse un total de 23 teses de doutoramento dirixidas, codirixidas ou titorizadas por investigadores do CiTIUS, das que seis obtiveron a mención de doutoramento europeo. Dez destas teses foron codirixidas con investigadores que non están adscritos ao CiTIUS, tanto pertencentes á USC coma a outras universidades e empresas.

A meirande parte das teses dirixidas polos investigadores do CiTIUS encádranse no Programa de Doutoramento en Investigación en Tecnoloxías da Información

da USC, aínda que tamén se están a codirixir teses noutros programas da USC e noutras universidades. O Programa de Doutoramento estableceu unha normativa de obrigado cumprimento para os doutorandos, pola cal é obrigatorio ter publicado cando menos un artigo en revistas indexadas no Journal Citation Report para que o informe previo á presentación da tese sexa positivo. Coa aprobación desta normativa preténdese garantir a calidade das teses defendidas polos investigadores matriculados no programa.

No ano 2016 producíronse cambios na xestión dos programas de doutoramento nos que participan os investigadores do CiTIUS. Neste ano, a USC aprobou a creación do Centro Internacional de Estudos de Doutoramento e Avanzados (CIEDUS), que reúne a un conxunto de catro Escolas de Doutoramento Internacional, diferenciadas segundo grandes áreas de coñecemento. O CIEDUS ten como obxecto a xestión e coordinación das ensinanzas de doutoramento da USC, así como os procesos que conduzan á obtención do título de doutor. Esta nova estrutura ten a clara vontade de incrementar a internacionalización dos estudos de doutoramento, en particular no que respecta á atracción de estudantes, e organizar unha oferta formativa multidisciplinar e harmonizada con respecto a aquelas que son específicas de cada un dos programas de doutoramento que comprende.

Dentro desta nova estrutura, os investigadores en formación do CiTIUS desenvolven a súa actividade formativa de posgrao na Escola de Doutoramento Internacional de Ciencias e Tecnoloxías e na Escola de Doutoramento Internacional de Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, que incluírán na súa oferta os programas de doutoramento nos que participa o profesorado adscrito ao CiTIUS.



No CiTIUS deféndense unha media de máis de 7 teses por ano

| Autor | Título | Director/es | Ano |
|-----------------------------------|--|---|------|
| Marcos Boullón Magán | Modelado del rendimiento de códigos irregulares paralelos en sistemas distribuidos | Tomás Fernández Pena, Francisco Fernández Rivera, David Miranda Barros | 2016 |
| Óscar García Lorenzo | Hardware Counter Based Performance Analysis, Modelling, and Improvement through Thread Migration in NUMA Systems | José Carlos Cabaleiro Domínguez, Tomás Fernández Pena | 2016 |
| Guillermo Indalecio Fernández | Desarrollo de herramientas de simulación para el estudio de transistores nanométricos usando arquitecturas avanzadas | Antonio García Loureiro, Natalia Seoane Iglesias | 2016 |
| Montserrat Fortes Ouviaña | Development of tools to improve the efficiency of hydrogenated amorphous silicon solar cells | Antonio García Loureiro | 2016 |
| Mª Florinda Otero González | Achega ao estudo por imaxe da afectación da articulación temporomandibular na artrite idiopática xuvenil | Pablo García Tahoces | 2016 |
| Pablo Rodríguez Mier | A Graph-Based Framework For Optimal Semantic Web Service Composition | Manuel Lama, Manuel Mucientes | 2016 |
| Ismael Rodríguez Fernández | Extracción evolutiva de reglas borrosas no convencionales para regresión | Manuel Mucientes Molina, Alberto Bugarín | 2016 |
| Alejandro Ramos Soto | Computación con percepciones para la descripción lingüística de fenómenos complejos a través del análisis de series temporales de datos | Alberto Bugarín, Senén Barro Ameneiro | 2016 |
| Maria Encarnación González Rufino | Análisis de texturas para la clasificación de células en imágenes histológicas de gónadas de peces | Eva Cernadas García | 2016 |
| Jose Manuel Pintor Freire | Diseño y desarrollo de una herramienta para el análisis cuantitativo automático de imágenes microscópicas: aplicación a la gestión de recursos marinos | Eva Cernadas García | 2016 |
| Víctor Leborán Álvarez | Blanqueado adaptativo de escalas espacio-temporales como mecanismo computacional de atención visual dinámica | Xosé Ramón Fernández Vidal, Xosé Manuel Pardo López | 2016 |
| Víctor Fernández Albor | Platform as a service integration for scientific computing using DIRAC | Tomás Fernández Pena, Ricardo Graciani, Juan José Saborido Silva | 2015 |
| Manuel Suárez Cambre | Low power CMOS vision sensors for scale and rotation invariant feature detectors using CMOS heterogeneous smart pixel architectures | Víctor Manuel Brea Sánchez, Ricardo Carmona Galán, Ángel Benito Rodríguez Vázquez | 2015 |
| Pablo Quesada Barriuso | Spectral-spatial classification of n-dimensional images in real-time based on segmentation and mathematical morphology on GPUs | Dora Blanco Heras, Francisco Argüello Pedreira | 2015 |
| Adrián Canedo Rodríguez | Multi-camera intelligent space for a robust, fast and easy deployment of proactive robots in complex and dynamic environments | Roberto Iglesias, Carlos Vázquez Regueiro | 2015 |
| Enrique González Paredes | Representation techniques for real-time visualization of hybrid terrain models | Montserrat Boo Cepeda, Margarita Amor López. Titir: Javier Díaz Bruguera | 2014 |
| Martín Pereira Fariña | Razoamento siloxístico aproximado: unha contribución aos patróns de inferencia e casos de uso | Alberto Bugarín Diz, Alejandro Sobrino Cerdeiriña | 2014 |
| Juan Antonio Martínez Mera | Desarrollo de un sistema de imagen para la planificación de operaciones de aorta | Pablo García Tahoces, José Martín Carreira Villamor | 2014 |

continúa na páxina seguinte. . .

... ven da páxina anterior

| Autor | Título | Director/es | Ano |
|-----------------------------|---|---|------|
| Jose Manuel González Chenlo | Exploiting multiple sources of evidence for opinion search in the Web | David E. Losada Carril | 2014 |
| Julián Lamas Rodríguez | Técnicas para la segmentación y visualización eficiente de imagen médica 3D: explotando la arquitectura de la GPU | Dora Blanco Heras, Francisco Argüello Pedreira | 2014 |
| Víctor Álvarez Santos | Development of a general purpose tour-guide robot able to learn routes from people and to adapt and move in unstructured and crowded environments | Roberto Iglesias Rodríguez, Xosé Manuel Pardo López | 2014 |
| Miguel Nuno Marques Pereira | Sistemas de informação Geográfica e Realidade Aumentada em Turismo: Guía interactivo do Caminho Português de Santiago em Barcelos | José Manuel Cotos Yáñez, Miguel Pazos Otón | 2014 |
| Marcos García González | Extracção de relações semânticas. Recursos, ferramentas e estratégias | Pablo Gamallo Otero | 2014 |

4.5. Premios e recoñecementos


Nos últimos anos varios investigadores do CiTIUS recibiron diferentes recoñecementos polo traballo realizado tanto no desenvolvemento das súas teses de doutoramento coma pola calidade dos artigos presentados en congresos de investigación ou as ferramentas software desenvolvidas.

No período 2014-2016, recibíronse un total de 4 premios e nominacións por traballos presentados en congresos internacionais:

| Premios | | | |
|--|---|---|--|
| Publicación | Autor | Congreso | Premio |
| GALiWeatherApp: aplicación móbil para predicción meteorolóxica individualizada en lenguaje natural | M. Fresquet-Rius, A. Ramos-Soto, A. Bugarín, S. Barro | Conferencia de la Asociación Española para la Inteligencia Artificial (CAEPIA 2015) | Primer Premio CAEPIA - APP de la 16ª Conferencia de la Asociación Española para la Inteligencia Artificial |
| Capacitance-based Wireless Sensor Mote for Snail Pest Detection | D. García-Lesta, E. Ferro, V.M. Brea, P. López, D. Cabello, J. Iglesias, J. Castillejo. | 2015 IEEE Sensors Applications Symposium (SAS) | Student Travel Grant Award |
| Sensorización avanzada para estudios virtuales de televisión | Roi Méndez, Julián Flores, Enrique Castelló, Rubén Arenas, Sebastian Villaroya | VI Congreso de TV Digital Interactiva – IV Jornadas Iberoamericanas de Aplicaciones y Usabilidad de la TVDi | Best Paper for Young PH.D. Student |
| Reducing the Complexity in Genetic Learning of Accurate Regression TSK Rule-Based Systems | I. Rodríguez-Fdez, M. Mucientes, and A. Bugarín | IEEE International Conference on Fuzzy Systems 2015 (FUZZ-IEEE) | Best student paper nomination |

Ademais dos premios recibidos polos artigos presentados en congresos de investigación, os nosos investigadores recibiron outros premios e recoñecementos:

- No ano 2015, o investigador Enrique Comesaña Figueroa foi galardoado co *Premio Extraordinario de Doutoramento 2013/14*, outorgado pola Escola Técnica Superior de Enxeñería da USC.
- No mesmo ano, Iago Filgueira Farto recibiu o *Premio SISTEDES y Steelmood a los mejores TFG y TFM sobre temas relacionados con PHP 2015*, polo TFG titulado *Acceso web a información geográfica en los campus de la USC*, codirixido polo investigador do CiTIUS José Ramón Ríos Viqueira xunto con Pedro José Rey Sanchiz.
- En 2016, *Caléndula*, o asistente Android para a xestión da medicación persoal desenvolvido no CiTIUS polo investigador José Ángel Piñeiro Souto, obtivo o *Premio ao Mellor Proxecto Universitario con Licenza Libre* promovido pola Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) en colaboración coa Oficina de Software libre do CIXUG, converténdose así no primeiro proxecto da USC que recibe este galardón.
- En xuño 2016, José M. González Chenlo recibe o premio outorgado pola Sociedade Española en Recuperación de Información (SERI) á mellor tese de doutoramento en Recuperación de Información para o período 2014-2016.
- Tamén neste ano, a revista 'Código Cero' incluíu Linguakit, a ferramenta de análise de textos desenvolvida pola spin-off do CiTIUS Cilenis, no posto 36 do ranking cos 50 portais web en galego de maior impacto e relevancia segundo Alexa, a principal ferramenta a nivel mundial en estimación de tráfico de sitios web.



5 Organización de ciclos formativos

O CiTIUS desenvolveu desde o seu inicio unha estratexia formativa propia, complementaria á formación de grao, máster e doutoramento regulada pola USC, co obxectivo de lograr unha mellor capacitación dos seus investigadores en formación, impregnar á organización dunha cultura, inquietude e curiosidade científica, e proporcionar referentes de excelencia. Con esta premisa, deseñáronse e financiáronse un conxunto de ciclos formativos que pretenden desenvolver as súas capacidades científicas e transversais.

Nesta sección farase un repaso ás actividades formativas organizadas polo CiTIUS. A sección divídese en catro grandes bloques que inclúen a totalidade das actividades formativas organizadas polo centro:

- Programa de Formación 2016-2017
- Programa de Relatorios CiTIUS
- Fomentando o Talento
- Doctoral Meeting

Ademais da organización de actividades formativas propias, o CiTIUS abre cada ano unha convocatoria a través da cal se cofinancia a asistencia dos nosos investigadores a cursos e eventos en temáticas de interese para a súa investigación ou que axuden a desenvolver as capacidades transversais.

5.1. Programa de Formación 2016-2017

Durante o proceso de análise e elaboración do Plan Estratégico CiTIUS 2016-2018, entendeuse a necesidade de dotar dunha maior planificación, estrutura e alcance á formación que xa se viña desenvolvendo no centro. Como resultado, no ano 2016 o CiTIUS puxo en marcha un programa formativo bianual, no que se expoñen un conxunto de accións orientadas á mellora das capacidades científicas, tecnolóxicas, comunicativas, emprendedoras e creativas do persoal do centro. Os principais obxectivos do programa son:

- Facilitar que os investigadores en formación adquiran as capacidades e destrezas que lles permitan un rendemento óptimo no desenvolvemento da súa carreira investigadora e na súa proxección profesional.
- Fomentar o desenvolvemento persoal e a capacidade de liderado dos investigadores, complementando a súa formación científica.
- Aumentar o atractivo do centro para novos investigadores, dotándoo dun programa formativo diferenciador.
- Mellorar o prestixio do CiTIUS como centro de investigación e como centro de formación de talento.

As accións contempladas no programa estrutúranse en seis eixos temáticos:

1. **Investigación:** ferramentas e metodoloxías enfocadas a mellorar as competencias precisas para o desenvolvemento da carreira investigadora.
2. **Tecnoloxía:** formación nas últimas ferramentas tecnolóxicas e metodolóxicas relacionadas coas tecnoloxías da información.
3. **Transferencia de Tecnoloxía:** competencias relacionadas coa protección e valorización dos resultados de investigación.
4. **Emprendemento:** desenvolvemento de habilidades emprendedoras, de creatividade, traballo en equipo, etc.
5. **Competencias Transversais:** competencias orientadas a complementar outros aspectos do desenvolvemento da carreira investigadora e profesional, tales como habilidades de comunicación, continuidade da carreira investigadora, etc.
6. **Formación colaborativa:** conxunto de actividades formativas desenvolvidas en grupo, co apoio de materiais audiovisuais.

A seguinte táboa amosa un resumo das actividades organizadas no marco do programa de formación durante o ano 2016:

| Relator | Título | Procedencia | Eixo temático |
|--|--|--|---------------|
| Ismael Rodríguez Fernández | Validación de Experimentos: a era post $p < 0.05$ | Hewlett Packard Enterprise | Investigación |
| Maite Moreira Vilar | Obradorio de redacción de traballos en Ciencias da Computación | Universidade de Santiago de Compostela | Investigación |
| Diego Rodríguez Martínez | Arquitectura de documentos. Curso de introducción a LaTeX | ITMATI | Tecnoloxía |
| M ^a Isabel Casal Reyes e Cristal Martínez Pousa | Aproximación ao open access | Universidade de Santiago de Compostela | Investigación |
| Jorge Suárez de Lis | Linux for newbies | CiTIUS | Tecnoloxía |
| Rafael Couto | Introducción a Git | Bricolabs | Tecnoloxía |
| Alejandro Sobrino Cerdeiriña | Iniciación á ciencia | Universidade de Santiago de Compostela | Investigación |
| Nuria Fernández Flores, Marcos Paz Tarrío, Raquel Freire Roca e Eloy López Grandal | Obradoiro de emprendemento StarLab | UnEm | Emprendemento |

Ademais das accións encadradas no Programa Formativo 2016-2017, durante o último trienio o CiTIUS organizou diferentes actividades formativas no marco dos diferentes ciclos de cursos e relatorios, tal e como se resume a continuación:

5.2. Programa de Relatorios CiTIUS

O *Programa de Relatorios CiTIUS* foi posto en marcha dende a inauguración do centro e, a través del, organízanse relatorios en temáticas relacionadas coa investigación, o emprendemento e a procura de financiamento para a investigación. Nos últimos tres anos organizáronse máis de 30 relatorios no marco deste programa nas categorías de *Investigadores de Prestixio* e *EmprendeLab*.

Investigadores de Prestixio

Relatorios impartidos por convidados de prestixio internacional en temáticas de vangarda no eido da investigación en Tecnoloxías da Información.

| Relator | Título do relatorio | Procedencia | Ano |
|----------------------|---|--------------------------------------|------|
| Maite Taboada | Sentiment analysis beyond bags of words | Simon Fraser University | 2016 |
| Sam Robertson | Aprendizaxe automática no deporte | Victoria University | 2016 |
| Enric Trillas Ruíz | Lóxica e linguaxes | Universidad Politécnica de Madrid | 2016 |
| Bertil Schmidt | Next-Generation Sequencing: Big Data meets High Performance Computing | Johannes Gutenberg University Mainz | 2016 |
| Ulises Cortés García | Extracting Deep Learning Representations: The Tiramisu project | Universidad Politécnica de Catalunya | 2015 |

continúa na páxina seguinte...

... ven da páxina anterior

| Relator | Título do relatorio | Procedencia | Ano |
|-----------------------------|---|--|------|
| Begüm Demir | Recent Advances in Remote Sensing Image Classification | Fondazione Bruno Kessler | 2015 |
| Ángel Rodríguez Vázquez | Architectures and Circuits for Neural Recording Interfaces | IMSE-CSIC | 2015 |
| Jordi Vitria | Data Science o cómo hacer frente a las verdades y mentiras de los datos | Universidad de Barcelona | 2015 |
| Javier Garzás | Agilidad bien entendida y otras recomendaciones para olvidar los relatos de terror de los 90 | Universidad Carlos III Madrid | 2015 |
| Bernhard Rinner | On Privacy-Protecting and Self-Organizing Cameras | Alpen-Adria-Universität Klagenfurt | 2015 |
| David Padua | Compiler technology: Are we done yet? | University of Illinois at Urbana-Champaign | 2015 |
| Manuel Fernández Delgado | Precisamos centos de clasificadores para resolver os problemas de clasificación do mundo real? | CITIUS | 2015 |
| Patricio Reyes | Proxecto 'NIC Labs SmartCity' e detección de individuos influentes nas redes sociais | NIC Labs Chile | 2015 |
| Enrique Quintana Ortí | Avances en rendemento e fiabilidade do produto matricial | Universitat Jaume I | 2015 |
| Enrique Quintana Ortí | Como facer nada para aforrar enerxía en Computación Matricial | Universitat Jaume I | 2014 |
| Leonel Sousa | Criptografía de chave pública en sistemas SIMD | Instituto Superior Técnico de Lisboa | 2014 |
| Nicolás Guil Mata | Estratexias para o procesamento de vídeo en GPUs | Universidad de Sevilla | 2014 |
| Daniel Piso Fernández | European Spallation Source ESS, a nova grande infraestructura europea de investigación | European Spallation Source ESS | 2014 |
| José Ángel Olivas Varela | Experiencias en Transferencia de Tecnoloxía do eido do Soft Computing e a Intelixencia Artificial | Universidad de Castilla-La Mancha | 2014 |
| Fiora Pirri | From attention to traversability: the robot visual pathway in facing harsh scenarios | Università La Sapienza Roma | 2014 |
| Pavel Zezula | Future Trends in Similarity Searching | Masaryk University | 2014 |
| Román Peña, Miguel Gesteiro | Cabalo de Trivia-2: xogándolla a 6 millóns de incautos | | 2014 |
| Antonio Rodríguez | 2DSIL - A biologically plausible computational model of shape representation | University of Innsbruck | 2014 |
| Fabio Crestani | A Personalised Recommendation System for Context-Aware Suggestions | University of Strathclyde | 2014 |
| Leif Nils Gustaf Sörnmo | Is there a future in biomedical signal processing? | Lund University | 2014 |
| Rafael Asenjo Plaza | Modelos de programación para arquitecturas heterogéneas on-chip | Universidad de Málaga | 2014 |
| Richard José Duro Fernández | Robots e máis Robots | Universidade da Coruña | 2014 |

EmprendeLab

Talleres e relatorios orientados a dotar aos investigadores de capacidades no proceso de transferencia de tecnoloxía a través do desenvolvemento de contidos,

servizos ou produtos que lles permitan converter un resultado de investigación nun proxecto empresarial viable.

Na sección de *Fomento da cultura emprendedora* ampliarase a información dos eventos organizados neste ciclo.



O Plan de Formación do CITIUS ten como obxectivo estimular as capacidades creativas do noso persoal en formación

5.3. Fomentando o Talento

Cursos formativos encamiñados á adquisición de habilidades no manexo de ferramentas e coñecementos que poidan ser de utilidade na investigación (ferramentas informáticas coma Inkscape ou $\text{L}^{\text{A}}\text{T}_{\text{E}}\text{X}$, coñecementos estatísticos etc). Ademais dos cursos, no ciclo organízanse tamén outras actividades coma concursos, presentacións e xornadas.

A seguinte táboa amosa as actividades organizadas durante os tres últimos anos:

| Actividades organizadas no ciclo Fomentando o Talento | | |
|--|---|-----------------------------|
| Título | Relator | Entidade |
| Curso básico de edición de textos con $\text{L}^{\text{A}}\text{T}_{\text{E}}\text{X}$ | Diego Rodríguez Martínez | ITMATI |
| Curso de análise multivariante | Beatriz Pateiro López e César Sánchez Sello | USC |
| Presentación da Oficina Europea de Patentes | José Santacroce, C. Quesson e N. González | Oficina Europea de Patentes |

Concurso A túa tese en 3 minutos

En xullo de 2014 celebrouse a primeira edición de *A túa tese en 3 minutos (T3M)*, un concurso no que os investigadores predoutorais do centro tiveron que expor o seu traballo de investigación nun tempo reducido (3 minutos), a través dun discurso sinxelo e divulgativo. O acto foi avaliado por un tribunal externo composto por:

- Javier Pedreira (Wicho): co-autor do Blog Microservos e responsable de informática dos museos científicos da cidade da Coruña.
- Jorge Mira: catedrático de electromagnetismo da Facultade de Física da Universidade de Santiago (USC) e coñecido divulgador da ciencia.
- Christian Larsson: Enxeñeiro Mecánico, CEO e socio fundador de Larpro Engineering.

O tribunal, que premiou aos investigadores con maior capacidade para comunicar a súa investigación perante un público non especializado, destacou o alto nivel dos participantes no concurso.

5.4. Doctoral Meeting

O *Doctoral Meeting* é unha iniciativa destinada a estimular as capacidades de comunicación do persoal en formación. Periodicamente, organízase unha sesión onde un investigador en etapa de tese debe expor o seu proxecto de tese aos seus compañeiros, integramente en inglés. Todos os investigadores predoutorais do CiTIUS deberán facer unha presentación no Doctoral Meeting antes da defensa da súa tese.

No período 2014-16 participaron no Doctoral Meeting un total de 19 investigadores.


| Participación nas sesións do Doctoral Meeting | |
|---|---|
| Investigador | Título |
| Javier López Fandiño | Efficient techniques for change detection in multitemporal hyperspectral images |
| Guillermo Indalecio Fernández | Nanodevice simulations: tools and insights |
| Pablo Rodríguez Mier | Efficient optimization techniques for automatic composition of Web services |
| Julio Illade Quinteiro | Time-of-Flight sensors in standard CMOS technologies |
| Vanesa Graíño Pazos | Data Mining Algorithms for Discovering Exception and Deviation Patterns in Temporal Databases |
| Khalid Alkharabsheh | Improving Design Smell Detection for Adoption in Industry |
| Manuel Antonio Regueiro Seoane | Semantic Virtual Integration of Observation Data through Sensor Observation Services |
| Ismael Rodríguez Fernández | Automatic Learning of Simple and Accurate Fuzzy Rule Systems for Regression |
| José Manuel Abuín Mosquera | Approaching Big Data technologies to scientific applications |
| Adrián González Sieira | Motion planning and controller learning in robotics |

continúa na páxina seguinte. . .

... ven da páxina anterior

| Participación nas sesións do Doctoral Meeting | |
|--|--|
| Investigador | Título |
| Constantino Antonio García Martínez | Simultaneous characterization of deterministic and stochastic components in Heart Rate Variability |
| Sebastián Villarroya Fernández | Spatial Observation Data Acquisition and Declarative Analytical-Processing |
| Pablo Quesada Barriuso | Efficient Segmentation and Classification of n-dimensional Images in GPU for Real Time Processing |
| Tomás Teijeiro Campo | Classifiers for biosignal interpretation? Not beyond toy examples... |
| Montserrat Fortes Ouviaña | Development of tools to improve the efficiency of amorphous silicon solar cells |
| Juan Antonio Martínez Mera | Automatic Characterization of Thoracic Aortic Aneurysms from CT Images |
| Borja Vázquez Barreiros | ProDiGen: mining complete, precise and minimal structure process models with a genetic algorithm |
| Alejandro Ramos Soto | Computing With Perceptions for the linguistic description of complex processes through time series data analysis |
| María Pérez Ortiz | Ordinal classification and time series segmentation: Potential applications |





6 Difusión

O CiTIUS desenvolveu unha estratexia de difusión de resultados de investigación que abarca dende a organización de eventos de divulgación científica até a publicación nos medios e redes sociais, a elaboración dunha estratexia de publicación en acceso aberto, a organización de ciclos de visitas guiadas etc. Esta estratexia expone co obxectivo de conseguir os seguintes resultados:

- Mellorar o impacto dos resultados de investigación.
- Sistematizar os procesos de difusión e seguimento de impacto nos medios.
- Conseguiar una implantación da publicación en Open Access ao 100 %.
- Fomentar a vocación científica entre estudantes de bacharelato.

Na implementación desta estratexia de difusión ten unha especial relevancia o papel desenvolvido pola Unidade de Prensa e Comunicación dos Centros Singulares de Investigación do Campus Vida, responsable da coordinación das accións de difusión nos medios e as redes sociais.

Nesta sección farase un repaso ás actividades de difusión e divulgación científica desenvolvidas nos tres últimos anos. Resumiranse tamén outras accións que axudaron a mellorar a visibilidade exterior do centro, como a organización de eventos científicos, a impartición de relatorios ou a participación en comités editoriais de revistas.

6.1. Organización de eventos científicos

A organización de eventos científicos contribúe á visibilidade exterior do CiTIUS, con reseñas en diversos medios de comunicación tanto xerais coma especializados nas TIC.

A continuación resumimos algún dos eventos máis salientables organizados polo CiTIUS.

2nd Keystone Training School

En xullo de 2016, o CiTIUS acolleu a Segunda Escola de Verán Internacional *Keyword search in Big Linked Data*, organizada pola rede de investigación *Keystone COST Action* e coordinada polo investigador do CiTIUS José Ramón Ríos Viqueira.

O curso contou coa participación de máis de corenta estudantes de doce nacionalidades diferentes, que asistiron a unha serie de relatorios e obradoiros nos

que investigadores de máximo prestixio internacional presentaron a súa perspectiva de presente e futuro sobre os sistemas de procura de datos masivos. O evento contou tamén coa participación de representantes das empresas Hewlett Packard Enterprise e Enxenio, que tamén ofreceron o seu punto de vista sobre os retos e necesidades aos que se enfrontan na actualidade no amplo campo da procura masiva de datos.

No marco da escola celebrouse tamén un *Hackathon*, un obradoiro de programación no que os participantes competiron na creación dos seus propios sistemas de busca relacionados co Big Data. Os gañadores do concurso foron premiados cunha estada de investigación no CiTIUS que desenvolverán en 2017.

A seguinte táboa resume os relatorios impartidos durante a escola:

| Relatorios impartidos na 2nd Keystone Training School | | |
|---|-----------------------|--|
| Título | Investigador | Entidade |
| Linked Open Data: Challenges and Opportunities | Asunción Gómez Pérez | Universidad Politécnica de Madrid |
| Exploration, Visualization and Querying of Linked Open Data sources | Laura Po | University of Modena and Reggio Emilia |
| Big data storage and analytics, including network science and graph stores | Genoveva Vargas-Solar | Centre national de la recherche scientifique |
| Interactive keyword-based access to large-scale structured datasets | Elena Demidova | University of Southampton |
| Semantic annotation and expansion for keyword queries | Ranka Stankovic | University of Belgrade |
| Collective Intelligence: Crowdsourcing groundtruth data for large scale evaluation in Information Retrieval | Sergej Zerr | University of Southampton |
| Aggregating Multiple Dimensions for Computing Document Relevance | Mauro Dragoni | Fondazione Bruno Kessler |

7th Iberian Conference on Pattern Recognition and Image Analysis, IbPRIA 2015

Entre os días 17 e 19 de xuño de 2015 o CiTIUS organizou o IbPRIA 2015, un congreso que ten como misión actuar coma un foro no que presentar os últimos resultados, melloras alxóricas e retos de futuro no recoñecemento de patróns e análise de imaxes.

O evento, co-organizado pola sección española (AERFAI) e portuguesa (APRP) da International Association for Pattern Recognition (IAPR), reuniu a investigadores procedentes de España e Portugal.

A seguinte táboa resume os relatorios plenarios impartidos no IbPRIA 2015:

| Relatorios plenarios no IbPRIA 2015 | | |
|--|----------------|--------------------------------|
| Título | Investigador | Entidade |
| Direct and Dense 3D Reconstruction from Autonomous Quadrotors | Daniel Cremers | Technische Universität München |
| Visual illusions: sometimes it is better not to see the truth! | Jesús Malo | Universitat de València |
| Towards Affordable Self-driving Cars | Raquel Urtasun | University of Toronto |



Os gañadores do *hackathon* foron premiados cunha estada no CITIUS

4th Workshop on the Architecture of Smart Cameras (WASC 2015)

O WASC 2015 celebrouse no CiTIUS entre os días 29 e 30 de xuño de 2015, organizado polos investigadores do CiTIUS Víctor Brea, Diego Cabello e Paula López. O workshop está dedicado a todos os aspectos dos sistemas integrados de visión, redes de cámaras intelixentes e chips de visión. O evento organízase co propósito de compartir experiencias e inxerencias, ao tempo que se presentan os últimos avances en curso, co gallo de fomentar a discusión e promover a colaboración entre investigadores de disciplinas complementarias.

Curso de verán: MOOCs e aprendizaxe en redes sociais

O curso de verán *MOOCs e aprendizaxe en redes sociais*, dirixido polo investigador do CiTIUS Manuel Lama Penín xunto coa profesora da USC Adriana Gewerc Barujel, e organizado pola Rede de investigación TELGalicia, celebrouse entre os

días 21 e 24 de xullo de 2015. O curso, dirixido a todas aquelas persoas interesadas en comprender o papel que xogan os MOOCs no desenvolvemento actual do ensino, estruturouse nunha serie de relatorios, mesas redondas e talleres cos seguintes obxectivos:

- Presentar a situación dos MOOCs e o seu impacto real no ensino actual.
- Expor as metodoloxías de aprendizaxe máis axeitadas para a implantación dos MOOCs.
- Amosar o impacto dos MOOCs nos roles que xogan os alumnos e os profesores no proceso de ensino.
- Presentar as plataformas e ferramentas que facilitan a xestión e creación de MOOCs, amosando como as necesidades deste tipo de cursos requiren de novas solucións tecnolóxicas.
- Desenvolver unha serie de talleres formativos sobre o emprego de ferramentas, metodoloxías e boas prácticas que permiten a creación de MOOCs.

O curso contou coa presenza de Stephen Downes, un dos máis reputados e influentes investigadores no eido da aprendizaxe electrónica (e-learning) e considerado o creador do primeiro MOOC, así coma doutros pedagogos e investigadores do eido do ensino telemático.

A seguinte táboa resume os relatorios impartidos durante o curso:

| Relatorios no curso Moocs e Redes Sociais | | |
|--|----------------------|-------------------------------------|
| Título | Investigador | Entidade |
| Gravación de clases - Cara á elaboración de OERs para MOOCs | Martín Llamas Nistal | Universidade de Vigo |
| Aprender sobre a aprendizaxe - O poder dos datos | Carlos Delgado Kloos | Universidad Carlos III Madrid |
| Accesibilidade e aprendizaxe social a través de tecnoloxías dixitais | Gráinne Conole | University of Leicester |
| MOOCs e redes de aprendizaxe social | Stephen Downes | National Research Council of Canada |

6.2. Actividades de divulgación científica

Cada ano o CiTIUS organiza diferentes eventos de divulgación científica nos que os nosos investigadores achegan os resultados da súa investigación á sociedade. Parte destes eventos están dirixidos a un público especializado no eido das Tecnoloxías da Información, mentres que outros están abertos ao público en xeral.

A continuación describiranse máis polo miúdo as actividades de divulgación organizadas dende 2014 nas que participaron investigadores do CiTIUS.

Programa de Visitas Guiadas

O CiTIUS organiza acotío visitas guiadas ás instalacións do centro, nas que os nosos investigadores presentan os resultados da súa investigación dun xeito lúdico e divulgativo. O obxectivo das visitas é dar a coñecer a investigación desenvolvida no centro e, ao tempo, fomentar a vocación científica entre os asistentes, a meirande parte deles estudantes de secundaria e bacharelato.

Dende a posta en marcha do programa, cada ano vai en aumento o número de visitantes e tamén o número de investigadores que participan amosando os resultados da súa investigación. Durante o período 2014-2016, organizáronse 44 visitas cun total de máis de 1.500 participantes.

Na páxina web do CiTIUS pode atoparse o formulario de solicitude para a realización dunha visita guiada. A través deste formulario pode solicitarse a realización dunha visita, indicando o número de asistentes e o perfil dos mesmos. Unha vez recibida a solicitude, dende a secretaría do centro organízanse as datas e o percorrido. Trala realización da visita, envíase aos visitantes unha enquisa de satisfacción na que se solicita unha valoración global da experiencia e se incide nos aspectos mellorables da visita.



Quen dixo que aprender é aburrido?

O CiTIUS nas redes sociais

Dende a apertura dos perfís do CiTIUS en Facebook, Twitter, LinkedIn e Google+, o centro amosouse moi activo na publicación de contidos a través das redes sociais. Esta actividade ten a súa recompensa no incremento diario de seguidores en

todos os perfís (a día de hoxe máis de 2.300 seguidores nas redes), co conseguinte incremento da visibilización da actividade do centro. A presenza activa nas redes é posible grazas á profesionalización da actividade de comunicación dos Centros Singulares de Investigación do Campus Vida, a través da Unidade de Prensa e Comunicación que, a finais de 2015, viuse reforzada coa incorporación dun segundo técnico.

Ademais das redes sociais, o CiTIUS conta cunha Canle en Youtube. A través desta canle, pódese acceder a diferentes vídeos sobre a investigación desenvolvida no centro, así como a demostradores tecnolóxicos e outros vídeos con resumos da organización ou participación en eventos tales como conferencias, concursos, cursos e seminarios.

Entre as diferentes seccións que podemos atopar na canle cabe salientar a sección *Investigando no CiTIUS*, na que diferentes investigadores amosan as súas liñas de investigación a través de vídeos de menos de tres minutos.

Inside the Lab

En xullo de 2016 celebrouse, por segundo ano consecutivo, a xornada *Inside the Lab*, na que o CiTIUS expuxo as solucións tecnolóxicas que se están a desenvolver para afrontar os retos máis actuais.

A xornada, na que se presentaron 16 demostradores tecnolóxicos e as spin-off do centro Situm Technologies e Imagames, contou coa presenza de máis de 100 asistentes provenientes de empresas, universidades e outras institucións, máis do dobre que os recibidos na xornada de 2015.

I Reto de programación CiTIUS

En febreiro de 2014, o CiTIUS organizou o *I Reto de Programación CiTIUS*, un concurso por parellas, dirixido a estudantes de grao da USC, no que os participantes debían resolver dous problemas empregando programación secuencial no primeiro deles e computación paralela no segundo. A parella gañadora gozou dunha viaxe ao Barcelona Supercomputing Center.

Participación no Concurso T3M

En novembro de 2014, a Red ATICA (*Red Temática Española para el Avance y la Transferencia de la Inteligencia Computacional Aplicada*) organizou o segundo concurso *Tu Tesis en Tres Minutos (T3M)*, celebrado durante o seminario anual SEMATICA, na Universitat Politècnica de Catalunya (UPC). O investigador do CiTIUS Borja

Vázquez alzouse co primeiro premio *Knowledge Engineering and Machine Learning Group Award (KEMLG-UPC)*, superando aos outros 9 finalistas a nivel estatal.



No CiTIUS gústanos amosar os nosos resultados á sociedade

continúa na páxina seguinte...

... ven da páxina anterior

| Relatorios impartidos noutros centros | | |
|---------------------------------------|--------------|--------|
| Título | Investigador | Centro |

6.3. Relatorios impartidos por investigadores do CiTIUS noutros centros

Os nosos investigadores participan asiduamente en eventos organizados por outras institucións, a través da impartición de relatorios. A seguinte táboa presenta un resumo dos relatorios impartidos polos nosos investigadores noutros centros:

| Relatorios impartidos noutros centros | | |
|--|---|---|
| Título | Investigador | Centro |
| Clasificación de Imágenes Hiperespectrales basada en Kernel ELM sobre GPU | Dora Blanco Heras | Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) |
| Recommender Systems: machine learning vs. theoretical approaches | Eduardo Sánchez Vilas | Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) |
| S-FRULER: aprendizaxe automática escalable de regras de predicción en Big Data | Alberto Bugarín Diz, Manuel Mucientes Molina e Ismael Rodríguez Fernández | Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) |
| Deep Learning para a detección de obxectos en imaxe | Víctor Brea Sánchez, Manuel Mucientes Molina e Brais Bosquet Mera | Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) |
| Aplicación de técnicas de selección de características para a mellora dos sistemas automáticos | J. Manuel Cotos Yáñez, David Mera Pérez, Verónica Robles García e Amparo alonso Betanzos | Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) |
| Robots que aprenden de ti e coma ti. Aplicación en robots guía | X. Manuel Pardo López, Roberto Iglesias Rodríguez, Miguel A. Rodríguez González e Carlos Vázquez Regueiro | Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) |
| Machine learning for the management of agricultural soil data | Manuel Fernández Delgado e Manisha Sanjay Sirsat | Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) |
| Multi-armed Bandits for Information Retrieval Evaluation | David Losada Carril | USC - Facultade de Matemáticas |
| Faite Experto en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data Analytics | David Losada Carril | Aula CeMIT de Lugo |
| Tecnoloxía Lingüística para Minería de Opinión en Medios Sociais | David Losada Carril | Universidad de Valladolid |
| Aprendizaxe baseada na prestación de servizos de administración informática na USC | Eva Cernadas García e Manuel Fernández Delgado | USC - Facultade de Ciencias da Educación |
| Big Data: tecnoloxías, problemas y soluciones. Una aproximación desde la Computación de Altas Prestaciones | Juan Carlos Pichel Campos | Instituto Tecnológico de Matemática Industrial |
| What if Work were the Key? | Senén Barro Ameneiro | Le Cercle des Economistes |
| The role of Rhetorical Structure Theory in Polarity Analysis | David E. Losada Carril | Universidad de Lugano - Information Retrieval Group |

continúa na páxina seguinte...

... ven da páxina anterior

| Relatorios impartidos noutros centros | | |
|--|--|--|
| Título | Investigador | Centro |
| A hundred words are worth a million numbers | Senén Barro Ameneiro | Universidad de Burgos |
| Creación de ferramentas lingüísticas na USC | Tomás Fernández Pena e Juan Carlos Pichel Campos | USC - Facultade de Filoloxía |
| Open Data en estudos de salud | Manuel Lama Penín | Sociedad Española de Neumología y Cirugía Torácica |
| Descubriendo nuevo conocimiento mediante minería de datos | Paulo Félix Lamas | Sociedad Española de Neumología y Cirugía Torácica |
| Web Semántica y Linked Data: Modelado del conocimiento de la Web | Manuel Lama Penín | Universidad Autónoma Juan Misael Saracho |
| Analítica del aprendizaje: Estado actual y retos | Manuel Lama Penín | Universidad Autónoma Juan Misael Saracho |
| Emprender desde la investigación: ¿oportunidad o suicidio? | Senén Barro Ameneiro | Universidade da Coruña |
| Sistemas difusos: como las máquinas imitan el razonamiento impreciso humano | Alberto Bugarín Diz | Universidade da Coruña |
| Keynote speaker na sesión 'International Entrepreneurial Education' | Senén Barro Ameneiro | Universidad Autónoma de Madrid |
| Efficient processing of n-dimensional images: applications exploiting the GPU architecture for real-time execution | Dora Blanco Heras | Universidade do Minho |
| De Funes el Memorioso a Indiana Jones | Senén Barro Ameneiro | Universidad de La Laguna |

6.4. Participación en comités editoriais de revistas e congresos

Varios investigadores do CiTIUS forman parte de Comités Editoriais de revistas científicas. En total estase a participar en dezaseis revistas de investigación tanto de ámbito nacional coma internacional. A última incorporación tivo lugar no ano 2016, cando o investigador Tomás Fernández Pena foi nomeado novo Editor Asociado da revista IEEE Transactions on Computers, unha das publicacións máis importantes a nivel global no eido das ciencias da computación. Nomeado co cargo de "Multimedia Editor", encargárase de realizar un vídeo de presentación con cada número para introducir a publicación destacada do mes.

Así mesmo, dende o ano 2014 os investigadores do CiTIUS participaron nun total de sete Comités Científicos de congresos indexados nas categorías A e A* do Ranking CORE.

continúa na páxina seguinte...

... ven da páxina anterior


| Participación en Comités Editoriais de revistas científicas | | |
|---|---------|---------------|
| Investigador | Revista | Participación |

| Participación en Comités Editoriais de revistas científicas | | |
|---|---|--|
| Investigador | Revista | Participación |
| Senén Barro Ameneiro | Archives for the Philosophy and History of Soft Computing | Membro do Editorial Board |
| Senén Barro Ameneiro | Temas de Ciencia y Tecnología | Membro do Editorial Board |
| Javier Díaz Bruguera | IEEE Transactions on Computers | Editor Asociado |
| Javier Díaz Bruguera | Advances in Computer Engineering | Membro do Editorial Board |
| Alberto Bugarín Diz | Revista Ibérica de Sistemas y Tecnologías de la Información | Membro do Comité Editorial |
| Alberto Bugarín Diz | PRAI - Progress in Artificial Intelligence | Membro do Editorial Board |
| Alberto Bugarín Diz | Revista Iberoamericana de Inteligencia Artificial | Editor Asociado |
| Alberto Bugarín Diz | Journal of Physical Agents | Membro do International Scientific Committee |
| Pablo Gamallo Otero | AGÁLIA. Revista de ciências sociais e humanidades | Membro do Comité Editorial |
| Manuel Lama Penín | IEEE Revista Iberoamericana de Tecnologías del Aprendizaje | Membro do Comité Científico |
| Roberto Iglesias Rodríguez | International Advanced Robotic Systems | Guest Editorial Board |
| José R. Ríos Viqueira | Iberian Journal of Information Systems and Technologies | Membro do Consello Científico |
| Dora Blanco Heras | International Journal of Remote Sensing and Remote Sensing Letters | Comité de revista |
| Dora Blanco Heras | Número especial sobre computación de altas prestacións na revista "Computing" | Comité de revista |
| Dora Blanco Heras | Journal of Selected Topics in Applied Earth Observations and Remote Sensing | Comité de revista |
| Tomás Fernández Pena | IEEE Transactions on Computers | Editor Asociado |

| Participación en Comités Científicos de congresos | | |
|---|--|----------------|
| Investigador | Congreso | Categoría CORE |
| David Losada Carril | 25th International Joint Conference on Artificial Intelligence (IJCAI) | CORE A* |
| David Losada Carril | ACM Annual International Conference on Research and Development in Information Retrieval (ACM SIGIR) | CORE A* |
| David Losada Carril | International World Wide Web conference (WWW) | CORE A* |
| Paulo Félix Lamas | Artificial Intelligence in Medicine (AIMM) | CORE A |
| José Ramón Ríos Viqueira | Pacific Asia Conference on Information Systems (PACIS) | CORE A |
| Francisco Fernández Rivera | International Conference on Parallel Processing (EuroPar) | CORE A |
| David Losada Carril | ACM international conference on Information and knowledge management (CIKM) | CORE A |

6.5. O CiTIUS nos medios

Os medios de comunicación fixeron nos últimos anos preto de 200 reseñas sobre novas relacionadas co CiTIUS, tanto aqueles centrados en difusión xeral coma os máis especializados en I+D. O impacto do CiTIUS na prensa produciuse non só a partir dos resultados de investigación acadados no centro, senón tamén como consecuencia da organización de eventos científicos e divulgativos. A meirande parte das reseñas foron publicadas en medios online, aínda que tamén foron numerosas as aparicións en prensa escrita, a participación en diversos programas de televisión ou as entrevistas concedidas na radio. Na sección da páxina web 'CiTIUS nos medios' situada baixo o menú 'Novidades' pódense consultar as últimas aparicións dos nosos investigadores nos medios de comunicación.



7 Fomento da cultura emprendedora

Un dos mecanismos para que os resultados de investigación cheguen ao noso tecido socioeconómico é a creación de Empresas de Base Tecnolóxica (EBTs) que transformen estes resultados en produtos e servizos comercializables. A creación de EBTs é, ao tempo, unha saída laboral atractiva para os investigadores unha vez rematan a súa etapa formativa. Por iso, un dos obxectivos plasmados no Plan Estratégico do CiTIUS é o fomento da cultura emprendedora entre os investigadores. Por este motivo, o centro leva dende a súa posta en marcha organizando actividades orientadas a dotar ao noso persoal das capacidades precisas para poder lanzar iniciativas emprendedoras viables.

